

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27012036	Gregorio Fernández	Sarria	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CMADG01	Xestión administrativa	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0448	Operacións auxiliares de xestión de tesouraría	2023/2024	6	160	192

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ÁNGEL PENALONGA SWEERS,ROBERTO CIBEIRA CANCELAS (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

COMPETENCIA XERAL DO TÍTULO TÉCNICO EN XESTIÓN ADMINISTRATIVA

A competencia xeral deste título consiste en realizar actividades de apoio administrativo no ámbito laboral, contable, comercial, financeiro e fiscal, así como de atención á clientela ou ás persoas usuarias, en empresas tanto públicas como privadas, aplicando a normativa e os protocolos de calidade, de xeito que se asegure a satisfacción da clientela e actuando segundo ás normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental.

A formación do módulo OPERACIÓNS AUXILIARES DE XESTIÓN DE TESOURARÍA contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), e), i), j) e p) do ciclo formativo e as competencias profesionais, persoais e sociais a), b), e), m), q) e r) do título.

OBXETIVOS XERAIS

- a) Analizar o fluxo de información, así como a tipoloxía e a finalidade dos documentos e das comunicacións que se utilizan na empresa, para a súa tramitación.f) Analizar e elixir as técnicas e os sistemas de preservación de comunicacións e documentos adecuados a cada caso, e aplicarlos de xeito manual e informático para a súa clasificación, o seu rexistro e o seu arquivo.
- e) Realizar documentos e comunicacións no formato característico e coas condicións de calidade correspondentes, aplicando as técnicas de tratamento da información.
- i) Comparar e avaliar os elementos que interveñen na xestión da tesouraría, os produtos e os servizos financeiros básicos, e os documentos relacionados con eles, comprobando as necesidades de liquidez e de financiamento da empresa para realizar as xestións administrativas relacionadas.
- j) Efectuar cálculos básicos de produtos e servizos financeiros, empregando principios de matemática financeira elemental, para realizar as xestións administrativas de tesouraría.
- p) Recoñecer ás principais aplicacións informáticas de xestión para ou seu uso habitual no desempeño da actividade administrativa.

COMPETENCIAS PROFESIONAIS, PERSOAIS E SOCIAIS

- a) Tramitar documentos e comunicacións internas ou externas nos circuitos de información da empresa.
- b) Elaborar documentos e comunicacións a partir de ordes recibidas ou de información obtida.
- e) Realizar xestións administrativas de tesouraría, seguindo as normas e os protocolos establecidos pola xerencia, co fin de manter a liquidez da organización.
- m) Manter o espírito de innovación, de mellora dos procesos de produción e de actualización de coñecementos no ámbito do seu traballo.
- q) Participar nas actividades da empresa con respecto e con actitude de tolerancia.
- r) Adaptarse a diferentes postos de traballo e a novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos.

Tendo en conta que o tecido empresarial de Sarria e a súa comarca se caracteriza pola presenza maioritaria de PYMES sendo o sector servizos o que ten maior peso, o alumnado que remate este ciclo terá nas empresas de servizos as maiores posibilidades de atopar traballo. De aí que o módulo que estamos programando teña que ter presente a economía local e dedicarlle no desenvolvemento das UD a atención que se merece de cara a facilitarlle no futuro ao alumnado a adaptación ao medio laboral máis próximo.

--

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	O sistema financeiro	Órganos supervisores e intermediarios financeiros	17	7
2	O xuro simple. Equivalencia financeira	Capitalización e desconto simples	30	15
3	Capitalización composta	Capitalización, actualización e equivalencia financeira a interés composto	25	15
4	Rendas e préstamos	Rendas constantes e amortización de préstamos	24	12
5	Operacións bancarias de pasivo	Contas e imposicións bancarias. Liquidación	23	12
6	Operacións bancarias de activo	Contas de crédito e avales. Liquidación	23	11
7	Servizos bancarios	Os servizos complementarios dos produtos bancarios	8	8
8	A actividade aseguradora	Lexislación de seguros e clasificación dos distintos produtos	18	8
9	A tesouraría na empresa	Xestión e control da tesouraría	24	12

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O sistema financeiro	17

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza os trámites de contratación, renovación e cancelación correspondentes a instrumentos financeiros básicos de financiamento, investimento e servizos desta índole que se utilizan na empresa, e describiuse a finalidade de cada un.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Clasifícanse as organizacións, as entidades e os tipos de empresas que operan no sistema financeiro español.
CA2.2 Precísáronse as institucións de crédito e as financeiras bancarias e non bancarias, e describíronse as súas principais características.
CA2.3 Diferenciáronse os mercados dentro do sistema financeiro español en relación cos produtos financeiros que se empregan habitualmente na empresa.
CA2.4 Relacionáronse as funcións principais de cada intermediario financeiro.
CA2.5 Diferenciáronse os principais instrumentos financeiros bancarios e non bancarios, e describíronse as súas características.
CA2.8 Calculouse a rendibilidade e o custo financeiro dalgúns instrumentos financeiros de investimento.
CA2.11 Coñecéronse os distintos tipos de diñeiro e as súas funcións
CA2.14 Coñeceuse o método de cálculo do Índice de Prezos ó Consumo

4.1.e) Contidos

Contidos
0Outros instrumentos de financiamento. Rendibilidade do investimento. Custo do financiamento. O diñeiro e a estabilidade de prezos Institucións financeiras bancarias: Banco Central Europeo, Banco de España, banca privada e caixas de aforros. Mercados financeiros. Instrumentos financeiros bancarios e de financiamento, investimento e servizos: contas correntes e de crédito, préstamo, desconto comercial, carteira de valores, imposicións a prazo, transferencias, domiciliacións, xestión de cobramentos e pagamentos e ba Instrumentos financeiros non bancarios de financiamento, investimento e servizos: leasing, renting e factoring.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	O xuro simple. Equivalencia financeira	30

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Efectúa cálculos financeiros básicos, para o que identifica e aplica as leis financeiras correspondentes.	NO
RA4 - Efectúa as operacións bancarias básicas e interpreta a documentación asociada.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Diferenciouse entre as leis financeiras de capitalización simple e de actualización simple.
CA3.2 Calculouse o xuro simple e composto de diversos instrumentos financeiros.
CA3.3 Calculouse o desconto simple de diversos instrumentos financeiros.
CA3.4 Descríbense as implicacións do tempo e do tipo de xuro neste tipo de operacións.
CA3.6 Diferenciáronse as características dos tipos de comisións dos produtos financeiros máis habituais na empresa.
CA3.8 Identificouse unha operación financeira, os seus tipos e os elementos que interveñen
CA4.2 Calculouse o líquido dunha negociación de efectos.
CA4.7 Relacionáronse as operacións financeiras bancarias coa capitalización simple e composta, e o desconto simple.

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Operación financeira: concepto, tipos e os elementos que interveñen</p> <p>Capitalización simple e composta.</p> <p>Actualización simple.</p> <p>Comisións bancarias: identificación e cálculo.</p> <p>Operacións bancarias de capitalización simple e desconto simple.</p>

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Capitalización composta	25

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Efectúa cálculos financeiros básicos, para o que identifica e aplica as leis financeiras correspondentes.	NO
RA4 - Efectúa as operacións bancarias básicas e interpreta a documentación asociada.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.2 Calculouse o xuro simple e composto de diversos instrumentos financeiros.
CA3.4 Descríbense as implicacións do tempo e do tipo de xuro neste tipo de operacións.
CA3.5 Diferenciáronse os conceptos do tanto nominal e xuro efectivo ou taxa anual equivalente.
CA4.7 Relacionáronse as operacións financeiras bancarias coa capitalización simple e composta, e o desconto simple.

4.3.e) Contidos

Contidos
Capitalización simple e composta.
Tipo de xuro efectivo ou taxa anual equivalente. Tantos por cento equivalentes.
Operacións bancarias de capitalización composta e desconto composto.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Rendas e préstamos	24

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Efectúa cálculos financeiros básicos, para o que identifica e aplica as leis financeiras correspondentes.	NO
RA4 - Efectúa as operacións bancarias básicas e interpreta a documentación asociada.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.9 Calculouse o valor actual e final dunha renda financeira
0CA3.10 Identificar situacións reais ás que se pode aplicar o concepto de renda financeira
CA4.3 Diferenciáronse as variables que interveñen nas operacións de préstamos.
CA4.4 Relacionáronse os conceptos integrantes da cota do préstamo.
CA4.5 Descríbironse as características do sistema de amortización de préstamos polos métodos máis habituais.
CA4.6 Calculouse o cadro de amortización de préstamos sinxelos polos métodos máis habituais.

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Rendas financieras</p> <p>Operacións bancarias de capitalización composta e desconto composto.</p>

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Operacións bancarias de pasivo	23

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza os trámites de contratación, renovación e cancelación correspondentes a instrumentos financeiros básicos de financiamento, investimento e servizos desta índole que se utilizan na empresa, e describiuse a finalidade de cada un.	NO
RA3 - Efectúa cálculos financeiros básicos, para o que identifica e aplica as leis financeiras correspondentes.	NO
RA4 - Efectúa as operacións bancarias básicas e interpreta a documentación asociada.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.10 Formalizáronse documentos relacionados coa contratación, a renovación e a cancelación de produtos financeiros habituais na empresa.
CA3.6 Diferenciáronse as características dos tipos de comisións dos produtos financeiros máis habituais na empresa.
CA4.1 Liquidouse unha conta bancaria e unha de crédito polos métodos máis habituais.
CA4.7 Relacionáronse as operacións financeiras bancarias coa capitalización simple e composta, e o desconto simple.
CA4.8 Comparáronse produtos financeiros baixo as variables de custo e rendibilidade.
CA4.9 Utilizáronse ferramentas informáticas específicas do sistema operativo bancario.

4.5.e) Contidos

Contidos
Instrumentos financeiros bancarios e de financiamento, investimento e servizos: contas correntes e de crédito, préstamo, desconto comercial, carteira de valores, imposicións a prazo, transferencias, domiciliacións, xestión de cobramentos e pagamentos e ba
Comisións bancarias: identificación e cálculo.
Documentación relacionada coas operacións bancarias.
Aplicacións informáticas de operativa bancaria.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Operacións bancarias de activo	23

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza os trámites de contratación, renovación e cancelación correspondentes a instrumentos financeiros básicos de financiamento, investimento e servizos desta índole que se utilizan na empresa, e describiuse a finalidade de cada un.	NO
RA3 - Efectúa cálculos financeiros básicos, para o que identifica e aplica as leis financeiras correspondentes.	NO
RA4 - Efectúa as operacións bancarias básicas e interpreta a documentación asociada.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.10 Formalizáronse documentos relacionados coa contratación, a renovación e a cancelación de produtos financeiros habituais na empresa.
CA3.6 Diferenciáronse as características dos tipos de comisións dos produtos financeiros máis habituais na empresa.
CA4.1 Liquidouse unha conta bancaria e unha de crédito polos métodos máis habituais.
CA4.7 Relacionáronse as operacións financeiras bancarias coa capitalización simple e composta, e o desconto simple.

Criterios de avaliación
CA4.8 Comparáronse produtos financeiros baixo as variables de custo e rendibilidade.
CA4.9 Utilizáronse ferramentas informáticas específicas do sistema operativo bancario.

4.6.e) Contidos

Contidos
Subvencións, provedores e avais.
Instrumentos financeiros bancarios e de financiamento, investimento e servizos: contas correntes e de crédito, préstamo, desconto comercial, carteira de valores, imposicións a prazo, transferencias, domiciliacións, xestión de cobramentos e pagamentos e ba
Comisións bancarias: identificación e cálculo.
Documentación relacionada coas operacións bancarias.
Aplicacións informáticas de operativa bancaria.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Servizos bancarios	8

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza os trámites de contratación, renovación e cancelación correspondentes a instrumentos financeiros básicos de financiamento, investimento e servizos desta índole que se utilizan na empresa, e describiuse a finalidade de cada un.	NO
RA3 - Efectúa cálculos financeiros básicos, para o que identifica e aplica as leis financeiras correspondentes.	NO
RA4 - Efectúa as operacións bancarias básicas e interpreta a documentación asociada.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.7 Identifícanse os servizos básicos que nos ofrecen os intermediarios financeiros bancarios e os documentos necesarios para a súa contratación.
CA2.9 Operouse con medios telemáticos de banca en liña e afíns.
CA2.12 Coñecéronse as institucións de defensa dos clientes e o proceso de reclamacións
CA3.7 Identifícanse os servizos básicos que ofrecen os intermediarios financeiros bancarios, e os documentos necesarios para a súa contratación.
CA4.9 Utilizáronse ferramentas informáticas específicas do sistema operativo bancario.

4.7.e) Contidos

Contidos
Institucións de defensa dos clientes e o proceso de reclamacións Instrumentos financeiros bancarios e de financiamento, investimento e servizos: contas correntes e de crédito, préstamo, desconto comercial, carteira de valores, imposicións a prazo, transferencias, domiciliacións, xestión de cobramentos e pagamentos e ba Comisións bancarias: identificación e cálculo. Servizos bancarios en liña máis habituais.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	A actividade aseguradora	18

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza os trámites de contratación, renovación e cancelación correspondentes a instrumentos financeiros básicos de financiamento, investimento e servizos desta índole que se utilizan na empresa, e describiuse a finalidade de cada un.	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.6 Clasifícanse os tipos de seguros da empresa e os elementos que conforman un contrato de seguro.
CA2.13 Coñecéronse as manifestacións da actividade aseguradora en España

4.8.e) Contidos

Contidos
O contrato de seguro
A actividade aseguradora en España
Institucións financeiras non bancarias: entidades aseguradoras.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	A tesouraría na empresa	24

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Aplica métodos de control de tesouraría e describe as súas fases.	SI

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbiuse a función e os métodos do control da tesouraría na empresa.
CA1.2 Diferenciáronse os fluxos de entrada e saída de tesouraría (cobramentos e pagamentos) e a documentación relacionada con eles.

Criterios de avaliación

CA1.3 Formalizáronse os libros e os rexistros de tesouraría.

CA1.4 Executáronse as operacións do proceso de arqueamento e cadramento da caixa, e detectáronse as desviacións.

CA1.5 Cotexouse a información dos extractos bancarios co libro de rexistro do banco.

CA1.6 Descríbense as utilidades dun calendario de vencementos en termos de previsión financeira.

CA1.7 Relacionouse o servizo de tesouraría e o resto de departamentos, empresas e entidades externas.

CA1.8 Utilizáronse medios telemáticos, de administración electrónica e outros substitutivos da presentación física dos documentos.

CA1.9 Efectuáronse os procedementos de acordo cos principios de responsabilidade, seguridade e confidencialidade da información.

4.9.e) Contidos**Contidos**

Métodos do control de xestión de tesouraría: finalidade e características.

Documentos e medios de cobramento e pagamento da empresa.

Libros de rexistros de tesouraría: caixa, bancos, contas da clientela e provedores, e efectos para pagar e para cobrar.

Control de caixa e banco: arqueamentos e cadramentos de caixa, e conciliación bancaria.

Aplicacións informáticas de xestión de tesouraría.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**MÍNIMOS ESIXIBLES:**

CA2.1 - Clasifícanse as organizacións, as entidades e os tipos de empresas que operan no sistema financeiro español

CA2.2 - Precísáronse as institucións de crédito e as financeiras bancarias e non bancarias, e describíronse as súas principais características.

CA2.3 - Diferenciáronse os mercados dentro do sistema financeiro español en relación cos produtos financeiros que se empregan habitualmente na empresa.

- CA2.4 - Relacionáronse as funcións principais de cada intermediario financeiro.
- CA2.5 - Diferenciáronse os principais instrumentos financeiros bancarios e non bancarios, e describíronse as súas características.
- CA2.11 - Coñecéronse os distintos tipos de diñeiro e as súas función
- CA3.1 - Diferenciouse entre as leis financeiras de capitalización simple e de actualización simple.
- CA3.2 - Calculouse o xuro simple e composto de diversos instrumentos financeiros.
- CA3.3 - Calculouse o desconto simple de diversos instrumentos financeiros.
- CA3.4 - Describíronse as implicacións do tempo e do tipo de xuro neste tipo de operacións.
- CA3.6 - Diferenciáronse as características dos tipos de comisións dos produtos financeiros máis habituais na empresa.
- CA4.2 - Calculouse o líquido dunha negociación de efectos.
- CA4.7 - Relacionáronse as operacións financeiras bancarias coa capitalización simple e composta, e o desconto simple.
- CA3.2 - Calculouse o xuro simple e composto de diversos instrumentos financeiros.
- CA3.4 - Describíronse as implicacións do tempo e do tipo de xuro neste tipo de operacións.
- CA3.5 - Diferenciáronse os conceptos do tanto nominal e xuro efectivo ou taxa anual equivalente.
- CA4.7 - Relacionáronse as operacións financeiras bancarias coa capitalización simple e composta, e o desconto simple.
- CA3.9 - Calculouse o valor actual e final dunha renda financeira
- CA4.3 - Diferenciáronse as variables que interveñen nas operacións de préstamos.
- CA4.4 - Relacionáronse os conceptos integrantes da cota do préstamo.
- CA4.5 - Describíronse as características do sistema de amortización de préstamos polos métodos máis habituais.
- CA4.6 - Calculouse o cadro de amortización de préstamos sinxelos polos métodos máis habituais.
- CA4.1 - Liquidouse unha conta bancaria e unha de crédito polos métodos máis habituais.
- CA4.7 - Relacionáronse as operacións financeiras bancarias coa capitalización simple e composta, e o desconto simple.
- CA2.7 - Identificáronse os servizos básicos que nos ofrecen os intermediarios financeiros bancarios e os documentos necesarios para a súa contratación.
- CA3.7 - Identificáronse os servizos básicos que ofrecen os intermediarios financeiros bancarios, e os documentos necesarios para a súa contratación.
- CA2.3 - Diferenciáronse os mercados dentro do sistema financeiro español en relación cos produtos financeiros que se empregan habitualmente na empresa.
- CA2.5 - Diferenciáronse os principais instrumentos financeiros bancarios e non bancarios, e describíronse as súas características.
- CA2.8 - Calculouse a rendibilidade e o custo financeiro dalgúns instrumentos financeiros de investimento.
- CA2.6 - Clasificáronse os tipos de seguros da empresa e os elementos que conforman un contrato de seguro.
- CA1.1 - Describiuse a función e os métodos do control da tesouraría na empresa.
- CA1.2 - Diferenciáronse os fluxos de entrada e saída de tesouraría (cobramentos e pagamentos) e a documentación relacionada con eles
- CA1.3 - Formalizáronse os libros e os rexistros de tesouraría.
- CA1.4 - Executáronse as operacións do proceso de arqueamento e cadramento da caixa, e detectáronse as desviacións.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os instrumentos de cualificación son de dous tipos:

Exames (E) (90% da nota). consistirán en probas escritas de contido teórico (preferiblemente tests), teórico-práctico ou práctico. Estas probas serán valoradas entre 0 e 10 puntos debendo obterse unha nota mínima de 5 puntos para superar a unidade con carácter xeral. Dous exames por avaliación

- Metade de avaliación: 40% da nota
- Final de avaliación: 50% da nota

Clase (C) (10% da nota). Consistirá en:

- Traballo.
- Participación.
- Puntualidade.
- Actitude.

Haberá recuperacións despois de cada avaliación (os aprobados poden presentarse a subir nota). Ao final de curso, haberá un exame onde se recuperarán as avaliacións pendentes. A nota final virá dada pola media das avaliacións e, en todo caso, os 4 poderán facer media co resto das avaliacións.

En todo caso e para os alumnos cunha actitude o comportamento especialmente negativo ou inapropiado os criterios de avaliación quedarán como seguen: Exames (80% da nota) + Clase (20% da nota). Por tales actitudes o comportamentos se entenderán desconsideracións cara o grupo ou o profesor, faltas de puntualidade reiteradas ou intencionadas, molestar constantemente en clase, faltas de compañerismo, utilización do móvil ou outras calqueras previstas no regulamento interno do centro.

Prevese a figura do alumno modélico ou aventaxado para o cal os criterios de avaliación quedarán como seguen: Exames (80% da nota) + Clase (20% da nota). Ao alumno que opte a este status se lle poderá retirar esta consideración, tras unha amonestación, se é que a seu comportamento non está á altura do que se entende un alumno modélico entendendo por tal o non incorrer en ningunha das actitudes previstas en B e, ademais, seguir as indicación do profesor na clase en todo momento.

Sistemas para a determinación da cualificación:

Cualificacións nas avaliacións parciais:

A cualificación da 1ª, 2ª e 3ª avaliacións será: 0,9E+0,1C

Para aprobar cada unha das avaliacións parciais haberá que ter unha puntuación mínima de 5 (neste caso a cualificación parcial provisional considerase a definitiva da correspondente avaliación) sempre que se teña obtenido en Exames (E) a metade ou 50% da nota total de exame.

Cualificación das recuperacións das avaliacións

Os exames marcados como recuperación de avaliación ponderarán un 80% na nota definitiva, quedando o resto conformado polo 20% da nota da avaliación que se está a recuperar. Os alumnos non suspensos poderán presentarse a subir nota quedando como nota a mellor das dúas (100% da avaliación que teñen aprobado ou 20% da avaliación aprobada + 80% exame recuperación).

Cualificación definitiva na 3ª avaliación parcial:

- Para os alumnos que aprobaron todas e cada unha das tres avaliacións parciais será a nota media das tres e coincidirá coa cualificación final do módulo.
- Os alumnos que teñen suspensa algunha avaliación parcial a nota final da terceira avaliación será como máximo un catro aínda que a media sexa de cinco ou mais puntos. Neste caso deberá de recuperar as partes que teña suspensas en xuño.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado disporá das seguintes posibilidades de recuperación das unidades didácticas non superadas nas probas obxectivas ordinarias:

- Proba obxectiva de recuperación

Quen non supere algunha unidade didáctica realizará unha proba obxectiva de recuperación destas unidades suspensas, de carácter teórico-práctico, que se puntuará entre 0 e 10 puntos, sendo necesario obter un 5 para superar a unidade didáctica..

- Proba de suficiencia de final de curso

As unidades didácticas non superadas durante o curso, a pesar da proba de recuperación, poderán ser recuperadas nunha única proba obxectiva de suficiencia despois da terceira avaliación parcial e antes da

avaliación final, Nesta proba o alumno so será avaliado das unidades didácticas pendentes de superar. Cada unidade didáctica será avaliada de forma independente ,sendo necesario obter unha nota mínima de 5 para superala.

Para o alumnado de segundo curso co módulo pendente de primeiro:

-Notificaraselles por escrito o traballo a facer ao longo do curso e o método de avaliación.

Para aprobar o modulo deberán :

Facer todos os boletins de exercicios que se lle irán entregando(os entregados fora de prazo sin xustificación puntuaranse cun 0).Os exercicios entregados en tempo e ben feitos puntuarán cun 10%

Proba escrita que puntuará cun 90% sendo necesario acadar un cinco para superar o módulo

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Dado que ha ensinanza é presencial, requirese a asistencia do aulmnado a clase para aplicarselle a Avaliación Continua

Por iso os alumnos/as que teñan un total de faltas de asistencia non xustificadas superior ó 10% do total de sesións do módulo perderán o dereito a avaliación continúa

Este alumnado terá dereito a unha proba extraordinaria de carácter obxectivo sobre toda a programación do módulo. Para estes/as alumnos/as a nota final formarase unicamente coa nota desta proba obxectiva final e deberán obter unha nota de 5 ou superior para superar o módulo

.A proba será previa a avaliación final de módulos correspondente.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O departamento realizará cunha frecuencia mínima mensual, o seguimento das programacións, no que se reflectirá o grao de cumprimento con respecto á programación e a xustificación razoada no caso de desviacións. Este seguimento constará nas correspondentes actas do departamento.

A práctica docente , será recollida no caderno do profesor (instrumento empregado no centro para entre outras cousas servir como documento previo para elaborar e/ou modificar as novas programacións) a programación será revisada ao inicio de cada curso académico.

Evaluación da práctica docente

Farase a través da autorreflexión para comprobar:

- Se a programación didáctica é a axeitada
- Se se empregaron os recursos e materiais necesarios
- Se se acadaron os resultados de aprendizaxe e os obxetivos propostos.
- Se hay un bo ambiente na aula
- Se as actividades realizadas eran as axeitadas.
- Se a distribución temporal foi a correcta.

A avaliación do docente por parte do alumnado farase a través dun cuestionario anónimo, ao final do curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial serve para valorar a situación de partida do alumnado e obter información relativa aos coñecementos previos, aos intereses, e ao grao de motivación; isto axuda a tomar decisións tales como plantexar algunha sesión de repaso de coñecementos adquiridos polo alumnado en etapas anteriores, tratar determinados contenidos con menor profundidade por sabidos, modificar a temporalización das UD;

Para a avaliación inicial partiremos :

- na primeira sesión de curso farase una tormenta de ideas para comprobar os coñecementos previos
- Da observación de coñecementos, procedementos e destrezas do alumno durante o primeiro mes de clase
- Da confrontación das observacións coas realizadas por outros profesores e coa información do titor

Farase unha sesión específica de valoración dos alumnos ó final do primeiro mes de clase

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Conscientes da diversidade de alumnado que accede aos ciclos formativos, traballanse os contidos de distintas formas, segundo as necesidades do momento e do grupo clase.

Ademais, os exercicios e actividades que se propoñen están graduados de menor a maior dificultade, o cal permite ao profesor seleccionar os máis adecuados ao nivel do alumnado e aos intereses deste.

Por outro lado, a realización de exercicios de carácter teórico e de carácter práctico pode axudar ao profesor a flexibilizar o traballo na aula segundo a motivación e necesidades do alumnado.

No momento de realizar a programación descoñécese a situación concreta do alumnado, pero no caso de ter que adoptar medidas de reforzo ou de flexibilización modular procedería do seguinte xeito:

- Na avaliación inicial procuraremos detectar cal é o problema de aprendizaxe concreto que presenta o alumno/a e cal vai a ser o obxectivo a cumprir con él.
- Empregaremos unha metodoloxía activa que potencie a participación, preferindo ao alumno realidades concretas unidas ao seu contorno
- Facilitaráselle actividades de reforzo.

Por outro lado, no caso de alumnado con especiais capacidades, tamén se deberán adoptar medidas de reforzo, con deseño de actividades orientadas, neste caso, á consecución de maiores logros.

En todo caso, reunirse o equipo docente do ciclo formativo, e de forma coordinada adoptaranse as medidas oportunas.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores estará presente en todas as unidades didácticas ao longo do curso para formar bos profesionais responsables e comprometidos co seu entorno,

Terase en conta principalmente os seguintes aspectos:

- 1.Asistencia e puntualidade, calquera das dúas trae consigo a perda de contidos e de traballo, o que suporá un atraso no proceso de aprendizaxe do alumno.
- 2.Comportamento durante o desenvolvemento das clases, o respecto polos compañeiros, o profesor e o material.
- 3.Participación activa na aula, reflectida no interese pola materia, iniciativa e capacidade para obter información con carácter autónomo.
- 4.A claridade e a limpeza nos apuntamentos e nos exercicios elaborados polo alumno.
- 5.Orde e pulcritude nos traballos realizados.
- 6.Predisposición para o traballo en equipo.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Faranse as establecidas polo departamento,tendo en conta o establecido no protocolo covid.

10. Outros apartados**10.1) Bibliografía**

Se utilizará como libro de texto "Operaciones auxiliares de gestión de tesorería" (Ana T. Arias Rodríguez, Juan Fco. Caballero Cabrera y Tatiana Delgado Aguilar). McGraw Hill 2023.

10.2) recursos

pc para cada alumno/a
internet
canon
calculadora
libro de texto
aula virtual

10.3) publicación da programaciónn

A programación deste módulo estará a disposición do alumnado na Aula Virtual

Ao principio de curso proporcionaráselle un resumo da mesma no que queden explicitados, de xeito claro, os contidos mínimos, os criterios e métodos de avaliación e as actividades de recuperación.

Pediráselle a cada alumno/a que certifique mediante a sinatura e data que lle foi comunicada a información que consta neste apartado. Esta relación quedará en posesión da profesora ao longo de todo o curso.